

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*RESOLUCIÓN do 11 de xullo de 2018 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2017/18.*

Mediante a Orde do 8 de marzo de 2018 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2017/18, e se aprobaron as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, as solicitudes foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria, a cal acordou a exposición das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas interesadas poderán formular, durante un prazo de dez (10) días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Rematado este prazo, de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria, e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Artigo 1

Concederlle axudas de mobilidade complementarias, no marco do programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que se relaciona no anexo desta orde e pola contía que se especifica.

As axudas serán aboadas na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez acreditado mediante certificación que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha



outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura no anexo I da Orde do 8 de marzo, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 2

O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde de convocatoria do 8 de marzo de 2018 (DOG do 23 de marzo), constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro por parte das persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 3

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO Proposta de concesións

Apelidos	Nome	Centro	Contía adxudicada
Alonso Pereira	Adrián	CMUS de Vigo	1.456,70 €
Álvarez Llenderozas	Maite	EASD Ramón Falcón	485,60 €
Álvarez Suárez	Xoel	ESAD Galicia	485,62 €
Bandín Rodríguez	Inés	CMUS da Coruña	765,10 €
Collazo Gómez	Marta	EASD Mestre Mateo	809,30 €



Apelidos	Nome	Centro	Contía adxudicada
Curros Varela	Almudena	CMUS da Coruña	1.103,50 €
Dávila Grande	Iván	EASD Galicia	647,40 €
Fandiño Domínguez	Elisabet	EASD Mestre Mateo	1.147,70 €
Fernández Fernández	Diego	CMUS de Vigo	1.456,70 €
Fraga González	Nicolás	CMUS da Coruña	613,10 €
Fuentes Núñez	Alicia	CMUS da Coruña	1.721,60 €
García Rubio	Jorge	CMUS da Coruña	1.456,72 €
García Yáñez	Míriam	EASD Ramón Falcón	485,62 €
García-Piccoli González	Elisa	EASD Pablo Picasso	809,30 €
Garrido Fernández	Mª Salomé	CMUS de Vigo	980,90 €
Gil Vaseluk	Lorena	EASD Mestre Mateo	956,40 €
González Díaz	Julián	CMUS da Coruña	980,90 €
Lorenzo Fontela	Ana	ESAD Galicia	971,10 €
Mata Pose	Diego	CMUS da Coruña	809,30 €
Matos Gato	Iria	EASD Mestre Mateo	809,30 €
Míguez Bonilla	Sofía	EASD Pablo Picasso	765,10 €
Naval Chaves	Xiana	CMUS da Coruña	647,40 €
Nieto Cores	Nicolás	EASD Mestre Mateo	1.721,62 €
Pérez Fernández	Héctor	CMUS da Coruña	809,30 €
Pérez Mariño	María	CMUS de Vigo	1.530,20 €
Portela Tilve	Inés	CMUS da Coruña	1.103,50 €
Rodríguez-Losada Suárez-Pumariega	Eduardo	EASD Pablo Picasso	647,40 €
Sanmartín Nieto	Daniel	CMUS de Vigo	1.530,20 €
Santos Acuña	Alicia	EASD Pablo Picasso	956,44 €
San Marcial Comesaña	Iria	CMUS de Vigo	1.103,50 €
Simón Dávila	Ana	EASD Mestre Mateo	956,44 €
Trashorras López	Antía	EASD Ramón Falcón	485,62 €
Valdés Díez	Dinorah María	CMUS da Coruña	1.721,62 €
Vázquez Martínez	Nadia	CMUS de Vigo	1.456,70 €
Vidal Pazos	Alba	EASD Mestre Mateo	613,10 €
Total			35.000 €

